

NORMATIVA DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN MATERIA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

PREÁMBULO

A posta en marcha do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e o crecemento da actividade internacional que desenvolve a Universidade de Vigo (UVI) crean a necesidade de elaborar unha normativa que regule a xestión académico-administrativa orixinada polos estudos que se realizan no marco de programas internacionais de intercambio. Por outra banda, a existencia dunha normativa debe mellorar a calidade do servizo que se ofrece ao estudiantado e ao profesorado beneficiario destes programas, tanto propio como estranxeiro, e ao mesmo tempo favorecer a adopción por parte dos distintos centros da UVI do Sistema Europeo de Transferencia de Créditos (ECTS).

CAPÍTULO I: DA ORGANIZACIÓN DA UVI EN MATERIA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

1. RESPONSABILIDADES

As relacións internacionais en materia de programas de intercambio da Universidade de Vigo son competencia da Oficina de Relacións Internacionais (ORI), sen prexuízo da súa coordinación con outras oficinas e servizos da Universidade que desenvolven programas internacionais no marco do seu ámbito de competencias.

2. O COORDINADOR/A INSTITUCIONAL

O reitor/a ou o vicerreitor/a en quen delegue nomeará, se procede, unha persoa responsable institucional de cada programa de intercambio subscrito pola UVI.

No programa Sócrates-Erasmus a figura de Coordinador/a Institucional será desempeñada polo responsable na UVI da Oficina de Relacións Internacionais (ORI). Os acordos bilaterais entre a UVI e as universidades europeas participantes no programa serán asinados polo reitor/a ou persoa en quen delegue.

Asegurará o compromiso da UVI cos principios e mecanismos do ECTS, co obxecto de facilitar a súa aplicación práctica e de ofrecer axuda ás persoas responsables das relacións internacionais dos centros e outros servizos da UVI.

3. A PERSOA RESPONSABLE DAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS DE CENTRO

A persoa responsable das relacións internacionais de cada centro será a responsable institucional da coordinación e apoio das actividades de formación e docencia no campo das relacións internacionais dunha facultade ou escola.

Será, ademais, o enlace entre a ORI e os centros correspondentes e actuará como punto de referencia no marco de programas e accións de cooperación internacional.

A persoa responsable das relacións internacionais será nomeada polo reitor/a a proposta do decano/a ou director/a do centro correspondente.

A persoa responsable das relacións internacionais de centro non ten carácter *per se* de cargo académico, polo que para o mellor desenvolvemento das súas funcións, recoméndase que a figura do/a responsable das relacións internacionais de centro sexa un membro do equipo directivo deste, vicedecano/a ou subdirector/a.

4. DAS COMPETENCIAS DO/A RESPONSABLE DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

Tarefas xerais:

- Responsabilidade dos convenios asinados na súa área de competencia: establecemento de novas relacións e revisión periódica dos acordos asinados en coordinación coa ORI.

- Avaliación dos programas e funcionamento.
- Responsabilidade da difusión das novidades que se produzan no ámbito da cooperación internacional en coordinación coa ORI.
- Visitas preparatorias para explorar novas posibilidades de cooperación, e asistencia a xuntanzas de coordinadores/as con universidades estranxeiras.
- Correspondencia cos coordinadores/as das universidades estranxeiras de destino.
- Atención ás visitas de coordinadores/as e docentes estranxeiros/as.
- Asistencia a xuntanzas de Responsables de Relacións Internacionais convocadas pola ORI.
- Proposta de titores/as académicos para cada intercambio bilateral se no centro se considera necesario.

Tarefas relacionadas coa atención directa ao estudiantado propio:

- En colaboración coa ORI, difusión e información sobre as características e a oferta de prazas no estranxeiro no momento en que se publiquen as convocatorias.
- Tutoría e asesoramento xeral ao estudiantado participante nos programas de intercambio.
- Selección dos bolseiros/as de intercambio e adxudicación de destinos específicos de centro. En cada centro publicarase unha relación provisional dos bolseiros/as seleccionados e concederase un prazo de reclamación de 10 días. Posteriormente, a ORI publicará a relación definitiva do estudiantado seleccionado por resolución reitoral.
- Sinatura do contrato de estudos. No caso de existir un titor/a académico, este será a persoa responsable da elaboración do contrato de estudos antes da súa sinatura polo/a responsable de Relacións Internacionais do centro.
- Estudo das modificacións que se producen con respecto ao contrato orixinal para poder proceder á elaboración e sinatura do contrato de estudos definitivo.
- Informar aos decanatos/direccións de centro da avaliación das estadías do estudiantado desde o punto de vista académico de conformidade co contrato vinculante, tras a decisión acordada, se procede, polas comisións de centro.

Tarefas relacionadas coa atención directa ao estudiantado alleo:

- Tutoría e asesoramento xeral ao estudiantado estranxeiro sobre o plano de estudos proposto e o proceso de matrícula.
- Sinatura do contrato de estudos e dos impresos de solicitude.
- Contacto directo coas persoas responsables dos intercambios bilaterais: envío da información necesaria e resolución dos problemas concretos.

Tarefas relacionadas coa mobilidade do profesorado:

- Coordinación dos fluxos de mobilidade.
- Autorización aos desprazamentos do profesorado propio, sen prexuízo da que deben solicitar nos seus departamentos.
- Atención ao profesorado visitante, en coordinación cos directores/as dos departamentos responsables das materias en que se inscribe a docencia que o profesorado visitante vén a impartir.
- Informar á ORI sobre as estadías do profesorado estranxeiro no marco do programa Erasmus co fin de elaborar o documento acreditativo da docencia impartida no centro que será asinado polo responsable da ORI.

5. O TITOR/A ACADÉMICO DO INTERCAMBIO BILATERAL

O Titor/a Académico do Intercambio Bilateral é o profesor/a encargado dun ou varios intercambios bilaterais.

As competencias do Titor/a Académico do Intercambio Bilateral son as seguintes:

- Informar e asesorar ao estudiantado de intercambio sobre os estudos que poden realizar na universidade de destino, ou na UVI no caso do estudiantado estranxeiro.
- Elaboración do contrato de estudos provisional que será asinado pola persoa responsable das relacións internacionais do centro.
- Seguimento a distancia do alumnado mentres dure a súa estadía.

- Informar e asesorar á Comisión de Relacións Internacionais do centro ou titulación, se existe, ou á correspondente comisión de validación ou de docencia do centro en todo o que esta precise, así como á persoa responsable das relacións internacionais.

6. A COMISIÓN DE RELACIONES INTERNACIONAIS DO CENTRO

Os centros poderán crear unha Comisión de Relacións Internacionais. Esta comisión estará presidida polo decano/a ou director/a ou persoa en quen delegue, e formada por profesorado, alumnado e PAS, na forma en que determinen os regulamentos internos de cada centro.

Estas funcións poderán ser asumidas por calquera comisión da xunta de facultade (docencia, permanente...). Neste caso, a persoa responsable das relacións internacionais será membro nato.

Esta comisión poderá ser convocada facultativamente polo decano/a ou director/a e as súas funcións serán o asesoramento nos seguintes puntos:

- Contrato de estudos do estudantado enviado.
- Avaliación e cualificación das estadías do estudantado enviado.
- Propostas de mobilidade (sinatura de novos acordos de intercambio, modificacións dos existentes) no marco de programas de intercambio internacionais desenvolvidas no centro.
- Informes sobre a selección de estudantado e sobre a avaliacións das súas estadías.
- Criterios de selección de estudantado enviado ás universidades de intercambio.
- Asesoramento sobre calquera outro tema relacionado coas Relacións Internacionais do centro que o/a Responsable de Relacións Internacionais someta á súa consideración.

7. A COMISIÓN DE RELACIONES INTERNACIONAIS DA UVI

A Comisión de Relacións Internacionais da UVI, órgano consultivo do Consello de Goberno e do reitor/a, estará integrada por:

- O reitor/a ou o vicerreitor/a en quen delegue.
- O director/a da ORI.
- O xefe/a do Servizo de Alumnado.
- 2 técnicos superiores da ORI.
- 4 responsables de relacións internacionais (un por cada ámbito de coñecemento e representando aos tres campus da UVI).
- 3 alumnos/as, un de terceiro ciclo.

As funcións desta comisión son:

- Debater sobre a política de relacións internacionais da UVI.
- Supervisar o funcionamento axeitado dos programas de intercambio.
- Pronunciarse sobre cuestións que se eleven a esta comisión no marco dos programas de intercambio ou no marco de convenios bilaterais.

A Comisión de Relacións Internacionais deberá reunirse, polo menos, unha vez ao ano.

CAPÍTULO II: DO ESTUDANTADO DE INTERCAMBIO PROPIO DA UVI E DOS SEUS ESTUDOS

8. O estudantado de intercambio que se desprace a unha universidade estranxeira a través da UVI estará matriculado en estudos oficiais na UVI e estará exento do pagamento de calquera taxa de inscrición ou matrícula na universidade de destino.

9. O estudantado a que se refire o artigo 8 seguirá a percibir integramente calquera bolsa ou préstamo normalmente outorgado para cursar estudos na UVI sempre que non exista incompatibilidade.

10. No marco do programa Sócrates/Erasmus, o período de estudos será dun mínimo de tres meses e dun máximo de 10 meses. No marco doutros programas de intercambio ou de convenios asinados para tal efecto pola UVI a duración establecerase en cada caso. Salvo especificación en contra, o estudantado da UVI participante en programas de intercambio

internacionais desprázase fóra co gallo de obter un recoñecemento íntegro do devandito período de estudos na UVI, realización dun proxecto fin de carreira ou traballo de investigación.

11. O anterior non impide que o estudantado poida matricularse e examinarse na UVI de materias pendentes de cursos anteriores.

12. A UVI publicará anualmente convocatorias para a selección de estudantado, en que se establecerán datas e prazos de presentación de solicitudes e de selección que serán de obrigado cumprimento.

13. Os criterios de selección basearanse fundamentalmente en:

- a) O expediente académico.
- b) O coñecemento da lingua do país de destino.

A listaxe de seleccionados será remitida á ORI nos prazos establecidos nas convocatorias e aos efectos oportunos. A ORI publicará as resolucións reitorais de concesións de bolsas, e enviará unha copia ás persoas responsables das relacións internacionais dos centros, ás áreas administrativas dos centros e ao Negociado de Terceiro Ciclo.

14. Unha vez seleccionado o estudantado, a persoa responsable das relacións internacionais do centro, co asesoramento do titor/a académico se procede, e a colaboración do estudantado, procederá a asinar o contrato de estudos (anexo I).

15. O contrato de estudos será vinculante. Unha vez asinado, a persoa responsable das relacións internacionais de cada centro, entregará unha fotocopia na secretaría do centro.

16. O estudantado solicitará por escrito á persoa responsable das RRII calquera tipo de modificación do contrato de estudos. As modificacións concretas realizaranse empregando o modelo do anexo I ata o 30 de novembro para as materias do primeiro cuatrimestre e 30 de abril para as materias do segundo cuatrimestre. A persoa responsable de RRII autorizará, se procede, as modificacións e comunicaraas á Secretaría de Alumnado que dará trámite, no seu caso, aos correspondentes cambios de matrícula.

17. O alumnado, ao matricularse, indicará na secretaría o seu carácter de alumno/a de intercambio. As materias que non figuren no contrato de estudos serán consideradas materias que se cursarán na UVI e as súas modificacións rexeranse polas Normas de Xestión Académica (aprobadas pola Xunta de Goberno do 28 de maio de 2001).

CAPÍTULO III: DO RECOÑECIMENTO DOS ESTUDOS

18. O recoñecemento é un acto administrativo polo que se recoñecen efectos académicos aos estudos universitarios realizados polo estudantado da UVI noutra universidade no marco dun programa internacional de intercambio ou no marco dun convenio asinado para tal efecto. Todo/a estudante da UVI que realice estudos de conformidade co establecido neste punto ten dereito ao recoñecemento académico dos estudos que figuran no contrato de estudos.

19. As materias ou disciplinas recoñecidas consideraranse superadas conforme ao plano de estudos que está cursando o alumno/a na UVI e así se reflectirá no seu expediente.

20. As resolucións individuais de recoñecemento, segundo o modelo do anexo III, corresponderanlle, por delegación do reitor/a, aos decanos/as e directores/as de centro, tras o informe facultativo da comisión que exerza as funcións de Relacións Internacionais do centro.

21. O recoñecemento académico só afectará a materias en que o estudantado se atope matriculado na UVI durante o curso académico en que realice o intercambio.

22. Recibida a certificación da universidade de orixe, procederase ao recoñecemento que pode ser:

- a) Materia por materia.
- b) Por bloque de materias.
- c) Por curso completo ou cuadrimestre.
- d) Por número de créditos ECTS.

Nos casos b), c) e d) todas as materias suxeitas a recoñecemento na UVI constarán coa mesma cualificación.

O/a estudante poderá examinarse en segunda convocatoria das materias suspensas ben, na UVI, ben na universidade de acollida. De xeito xeral, entenderase que o alumnado se examinará na UVI e a Secretaría de Alumnado procederá de oficio á inclusión nas actas. Se o alumno/a decide examinarse na universidade de destino, deberá comunicalo á persoa responsable das relacións internacionais do seu centro e á Secretaría de Alumnado antes do 10 de agosto.

Consideraranse esgotadas tantas convocatorias na UVI como convocatorias esgote na universidade de destino.

23. O recoñecemento producirá efectos desde a súa resolución e no ano académico do intercambio. O seu contido incorporarase á certificación académica do/a estudante e fará mención expresa da universidade estranxeira e o programa ou convenio en virtude do cal se realizou o intercambio.

24. A Comisión de Doutoramento regulará o recoñecemento de estudos do alumnado de intercambio matriculado no terceiro ciclo.

CAPÍTULO IV: DO ESTUDANTADO ESTRANXEIRO DE INTERCAMBIO NA UVI

25. Considérase estudantado estranxeiro de intercambio todo aquel que temporalmente estea matriculado na UVI e que sexa enviado por outras universidades no marco de programas de intercambio ou de convenios bilaterais asinados con tal fin.

26. O estudantado visitante estranxeiro rexerese pola normativa específica aprobada polo Consello de Goberno de data 11 de maio de 2004.

27. Antes da súa chegada, a ORI expedirá ao estudantado estranxeiro de intercambio un certificado de admisión ou preadmisión na UVI. Á súa chegada, o estudantado provisto do certificado acreditativo da súa universidade sobre a súa condición de bolseiro/a e do impreso E-128 ou doutro seguro que garanta cobertura de gastos de enfermidade e accidente, presentarase na ORI. Esta elaborará listaxes completas de bolseiros/as que estarán a disposición dos centros da Universidade de Vigo e do Negociado de Terceiro Ciclo para que o alumnado poida formalizar a matrícula. A ORI remitirá ademais ás secretarías de alumnado e o Negociado de Terceiro Ciclo copias das cartas de aceptación para o seu arquivo no expediente.

28. O estudantado seleccionará as materias que poida cursar ou proxecto de conformidade cos requirimentos da súa universidade de orixe, orientado pola persoa responsable das relacións internacionais de centro ou polo titor/a académico da Universidade de Vigo. O estudantado de terceiro ciclo acordará o programa de estudos co coordinador/a do programa de doutoramento correspondente.

29. O alumnado estranxeiro realizará a matrícula de todas as materias que cursará na Universidade de Vigo no centro principal de admisión indicado pola ORI ou, no caso de estudantado de terceiro ciclo, no Negociado de Terceiro Ciclo.

30. A formalización da matrícula non implica a esixencia do pagamento de taxas académicas. O estudantado si deberá aboar o seguro escolar, o sobre de matrícula, a tarxeta de estudante e a apertura de expediente. A tarxeta de estudante poderase expedir en formato papel.

31. Prazo de matrícula: o estudiantado estranxeiro de intercambio poderá matricularse ata o 15 de decembro se cursa materias correspondentes ao primeiro cuadrimestre ou anuais na UVI e ata o 30 de abril quen curse materias do segundo cuadrimestre.

32. A Secretaría de Alumnado de cada centro expedirá de oficio dúas certificacións académicas persoais (anexo II) trilingües, en galego, en castelán e en inglés que conterán a denominación de materia, tipo de materia, carga lectiva en créditos e cualificacións locais e ECTS se é posible. Expediranse sen custo ningún para o estudiantado e serán remitidas pola Secretaría de Alumnado de cada centro, unha ao enderezo que o/a estudante indique no estranxeiro e outra á Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo para que a envíe á súa universidade de orixe.

33. A Oficina Relacións Internacionais poderá emitir documentos acreditativos da estadía do estudiantado recibido (escrito de chegada e de partida) se o/a estudante ou a universidade de orixe así o solicita (sen inclusión de cualificacións en ningún caso).

CAPÍTULO V: ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE INTERCAMBIO

34. ESTUDANTADO DE INTERCAMBIO PROPIO DE 1º E 2º CICLO: o seu expediente arquivarase na Secretaría de Alumnado e constará de resolución reitoral de nomeamento como bolseiro/a de intercambio ou credencial de bolseiro/a (copia), contrato de estudos (orixinal), modificacións posteriores (orixinal), certificación enviada pola universidade de orixe (orixinal), proposta de recoñecemento de estudos se procede (orixinal), e resolución de recoñecemento de estudos (copia).

35. ESTUDANTADO DE INTERCAMBIO PROPIO DE 3º CICLO: deberá establecelo o 3º ciclo.

36. ESTUDANTADO ESTRANXEIRO DE INTERCAMBIO: o seu expediente arquivarase na Secretaría de Alumnado do centro principal de admisión indicado pola ORI e constará de: carta de aceptación (copia enviada pola ORI), fotocopia do pasaporte, impresos do sobre de matrícula e certificación expedida e remitida ao alumnado e á ORI (copia) xunto coa copia do oficio de remisión.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

37. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto na presente Normativa.

ANEXO I
(Modelo de contrato de estudos)



ECTS-EUROPEAN CREDIT TRANSFER SYSTEM
LEARNING AGREEMENT-CONTRATO DE ESTUDOS
ACADEMIC YEAR 20...../20....

Name of student: Nome e apelidos do/a estudante
--

Receiving Institution: Universidade de destino	Country: País
Field of study: Titulación	Study period (months): Período de estudos (nº de meses)

COURSES AT THE RECEIVING INSTITUTION MATERIAS DA UNIVERSIDADE DE DESTINO			
Course unit code Código da materia	Course unit title Nome da materia	Local credits Créditos locais	ECTS credits Créditos ECTS
TOTAL			

COURSES AT THE UNIVERSIDADE DE VIGO MATERIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO			
Course unit code Código da materia	Course unit title Nome da materia	Local credits Créditos locais	ECTS credits Créditos ECTS
TOTAL			

If necessary, continue the list on a separate sheet/Se é necesario, continúe noutra páxina

Student's signature: Sinatura do/a estudante	Date: Data
---	---------------

SENDING INSTITUTION/UNIVERSIDADE DE ORIXE	
We confirm that the proposed programme of study is approved/Aprobamos o programa de estudo proposto.	
Departmental coordinator's signature O/A Responsable de RRII da Facultade/Escola	Institutional coordinator's signature O Coordinador/a Institucional
.....
Date/Data:.....	Date/Data:.....

TRANSCRIPT OF RECORDS
CERTIFICACIÓN ACADÉMICA

Family name: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
Apellidos/Apelidos
Date of birth: DD/MM/YYYY
Fecha de nacimiento/Data de nacemento
ID-passport number: XXXXXXXXXXXX
D.N.I. o Pasaporte/D.N.I. ou Pasaporte

First name: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
Nombre/Nome

Name of Receiving Institution: UNIVERSIDADE DE VIGO (E VIGO01)
Universidade de destino/Universidade de destino
Faculty-School: XX
Facultad-Escuela/ Facultade-Escola
Name of Sending Institution: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
Universidade de Origen/Universidade de Orixe
Country: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
País/País

Course Unit(1) Código asign. Código matr.	Title of course unit Nombre de la asignatura Nome da materia	Length of c.unit(2) Duración asign. Duración matr.	Local grade(3) Calificación Cualificación	Local cred. Créditos Créditos	ECTS grade(4) Calif. ECTS Cualif. ECTS	ECTS credits Créditos ECTS Créditos ECTS
XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	XX	XXXXXXXXXX	XXX		
XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	XX	XXXXXXXXXX	XXX		
XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	XX	XXXXXXXXXX	XXX		
XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	XX	XXXXXXXXXX	XXX		

(1)(2)(3)(4)(5) see explanation on back page/véase explicación en el reverso/véxase a explicación no reverso.

Date	Signature of the dean	Stamp of the institution
Fecha	Firma del decano/a	Sello de la institución
Data	Sinatura do decano/a	Selo da institución

NB:
This document is not valid without the signature of the dean and the official stamp of the institution.
Este documento no será válido sin la firma del decano/a y el sello de la institución.
Este documento non será válido sen a sinatura do decano/a e o selo da institución.

(1) Course unit code:
Código de la asignatura/Código da materia

It makes reference to the subject code at the Universidade de Vigo
Código de la asignatura en la Universidade de Vigo/Código da materia na Universidade de Vigo

- (2) Length of course unit:
Duración de la materia/Duración da materia

Y = 1 full academic year/*anual/anual*
 1S= 1 semester/*1 cuatrimestre/ 1 cuatrimestre*

- (3) Description of the institutional grading system:
Descripción del sistema de calificaciones/Descrición do sistema de cualificacións

In order to help our partner Universities understand the marks that their students have received while their study period at the Universidade de Vigo, the distribution of all marks obtained in our exams are listed here:

Matrícula de Honra (10)	A +	EXCELLENT - outstanding performance with only minor errors: Just in very exceptional cases
Sobresaliente (9-9.9)	A	VERY GOOD -above the average standard but with some errors
Notable (7-8.9)	B	GOOD -generally sound work with a number of notable errors
Aprobado (5-6.9)	C/D	SATISFACTORY/ SUFFICIENT- performance meets the minimum criteria. Average performance
Suspenseo (less than five)	E, FX, F	FAILED

- (4) ECTS grading scale:
Tabla de calificaciones ECTS/ Táboa de cualificacións ECTS

ECTS Grade	% of successful students normally achieving the grade	Definition <i>Descripción/Descrición</i>
A	10	EXCELLENT - outstanding performance with only minor errors
B	25	VERY GOOD - above the average standard but with sme errors
C	30	GOOD - generally sound work with a number of notable errors
D	25	SATISFACTORY - fair but significat shortcomings
E	10	SUFFICIENT - performance meets the minimum criteria
FX	-	FAIL - some more work required before the credit can be awarded
F	-	FAIL - considerable further work is required

- (5) ECTS credits:
Créditos ECTS/Créditos ECTS

1 full academic year/*1 curso académico/1 curso académico* = 60 credits/*60 créditos/60 créditos*
 1 semester/*1 cuatrimestre/1 cuatrimestre* = 30 credits/*30créditos/30 créditos*

ANEXO III (Modelo de resolución de recoñecemento de estudos)

Don/a XXXX
 Enderezo: r./ xxxxxxxxxxx

Código postal, cidade:

Asunto: EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO DE ESTUDOS

Titulación a que afecta a presente resolución: ...

Vista a Normativa da Universidade de Vigo en materia de relacións internacionais, a R.R. de xx/xx/xx pola que se nomea ao alumno/a a quen afecta esta resolución bolseiro/a de intercambio con destino na Universidade de ..., e o contrato de estudos asinado con data xx/xx/xxxx.

Con data xx/xx/xxxx a Universidade de destino asina a certificación académica persoal dos estudos cursados.

Tras considerar que o/a responsable de Relacións Internacionais do centro emitiu o seu informe sobre o recoñecemento de estudos, **procede** o seguinte recoñecemento:

Materia procedencia	Nº créditos	Nota	Materia que se reconece	Nº créditos	Nota	Observacións

e **non procede** o seguinte recoñecemento:

Materia procedencia	Nº créditos	Nota	Materia que non se reconece	Motivo

ESTA DIRECCIÓN/DECANATO, por R.R. de data xx de xx de xxxx, **RESOLVEU**:

1 – O recoñecemento das materias mencionadas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de **dous meses** contados desde o día seguinte ao recibo desta notificación que se practica por correo certificado con aviso de recibimento de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, os interesados/as poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo **dun mes** contado a partir do día seguinte á notificación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que a ditou, neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Comunicollo a vostede para o seu coñecemento e para o cumprimento da presente resolución.

Vigo, xx de xx de xxxx

O REITOR,

Por delegación (R.R. xx/xx/xxxx)

O DIRECTOR/DECANO,

Xxxx xxxxx xxxxxxxx